



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

## BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA EDUCADOR/A INFANTIL E ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

### PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a selección polo procedemento de concurso dun/dunha educador/a infantil, en réxime de dereito laboral, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato temporal por obra ou servizo determinado, de acordo co artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, para o servizo de atención asistencial e educativa no Punto de Atención á Infancia (PAI) Os Camiños do Concello de Mesía. A xornada de traballo é de 40 horas á semana e o salario é de 1.168,18 euros brutos ao mes, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Tamén ten por obxecto a constitución e funcionamento dunha bolsa de emprego para a contratación con carácter temporal de persoal laboral na categoría de educador/a infantil para o PAI do Concello de Mesía, para atender as eventuais necesidades que poidan demandar o dito servizo como permisos, situacións de IT ou análogas da persoa contratada para cubrir o dito posto.

### SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS DO/A TRABALLADOR/A

O/A aspirante seleccionado/a no presente proceso selectivo incorporaranse ao concello, dándose de alta na Seguridade Social e demais requisitos legais, a data 01.09.2020, ata a finalización do servizo.

As funcións propias do posto son a atención educativa e asistencial dos/as nenos/as do Punto de Atención á Infancia e a dirección pedagóxica do centro e aquelas outras establecidas no Regulamento de réxime interno do PAI.

### TERCEIRA.- ÁMBITO TEMPORAL DA BOLSA DE EMPREGO

A bolsa de emprego resultante deste proceso selectivo terá unha vixencia máxima de tres anos.

O inicio do prazo de vixencia computarase dende o día seguinte ao da publicación da relación definitiva de persoas candidatas que superasen o proceso selectivo, nos lugares indicados na base cuarta.

A bolsa perderá a súa vixencia cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Finalice o prazo máximo de duración.
- b) Se constitúa unha nova bolsa coas persoas aspirantes que deriven dun novo proceso selectivo convocado para cubrir prazas de igual categoría.
- c) Sempre que quede esgotada como consecuencia de situación nas que non haxa persoas dispoñibles.
- d) Se constitúa unha nova bolsa ou lista de agarda temporal que substitúa a presente.

O persoal que veña prestando servizos como consecuencia da inclusión na correspondente lista cesará cando a praza sexa cuberta en propiedade, cando desaparezan as circunstancias que motivaron a súa contratación e á finalización do proceso selectivo que se convoque para prover prazas de forma definitiva correspondentes á categoría da praza obxecto da bolsa formada ao abeiro do presente proceso selectivo.



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

## CUARTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. PUBLICIDADE.

Inserirase un anuncio das bases reguladoras deste proceso selectivo e da súa convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e o texto íntegro destas bases e da súa convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do concello [www.concellodemesia.gal](http://www.concellodemesia.gal).

A publicidade das demais resolucións, actos e/ou comunicacións que se deriven do presente proceso selectivo e da constitución da bolsa de emprego resultante deste, e que se diten dentro do seu desenvolvemento, publicaranse, a efectos de notificación dos/as interesados/as, unicamente a través da páxina web e do taboleiro de anuncios do concello.

## QUINTA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Poderán tomar parte no presente proceso selectivo as persoas aspirantes que reúnan os requisitos que se indican a continuación:

1.- Nacionalidade: Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos artigos 56 e 57 do TREBEP e ao art. 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

2.- Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

3.- Titulación: estar en posesión dalgunha das titulacións que a continuación se indican:

- Licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía.
- Mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente.
- Técnico/a superior en educación infantil ou equivalente.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

4.- Capacidade: posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións que se deriven do posto a desempeñar. As persoas con diversidade funcional (con algunha discapacidade recoñecida), haberán de acreditar a discapacidade e a capacidade para desempeñar as tarefas ou funcións das prazas ás que aspiran, mediante a oportuna certificación do órgano correspondente.

5.- Habilitación: non ter sido despedida mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

6.- Compatibilidade: non estar incurso en causa de incompatibilidade de conformidade co previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

7.- Carecer de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.

8.- Estar en posesión do carné/título de manipulador de alimentos.

9.- Estar en posesión de formación en primeiros auxilios.

9.- Ter dada a vacina da rubeola.

10.- Estar en posesión do nivel de CELGA 4 ou equivalente ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación das instancias.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega requirida ou non estean en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación das instancias, deberán realizar unha proba de carácter escrito de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio. A proba cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter a cualificación de apto para continuar no proceso selectivo.

Todos os requisitos esixidos deberán posuírse polas persoas aspirantes o día que finalice o prazo de presentación de instancias para o correspondente proceso selectivo.

## SEXTA.- SOLICITUDES.

As/os interesadas/os deberán presentar a solicitude de participación segundo o Anexo I destas bases acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia do DNI
- b) Titulación esixida para a praza convocada de conformidade co previsto no punto 3 da base quinta das presentes bases específicas.
- c) Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nos apartados 4, 5 e 6 da base quinta da presente convocatoria (Anexo II).
- d) Certificado de carencia de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.
- e) Copia do carné/título de manipulador de alimentos.
- f) Copia de certificado de curso en primeiros auxilios ou documentación acreditativa da superación dalgún curso de primeiros auxilios.
- g) Xustificación de ter dada a vacina da rubeola.
- h) Acreditación documental de posuír, de ser o caso, o coñecemento da lingua galega requirido, segundo o sinalado no punto 10 da base quinta.
- i) Documentación dos méritos alegados para a fase de concurso segundo a base oitava.



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

A presentación da solicitude coa documentación farase no Rexistro Xeral do Concello (Xanceda, s/n, 15685, Mesía) en horario de 8:00 h a 15:00 h, de luns a venres, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de sete días naturais, contados dende o seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante fax (981687069) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, ou mediante e-mail (correo@concellodemesia.gal). Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, en caso de non realizar esta comunicación, vía fax ou e-mail, quedarán excluídos/as do procedemento de selección.

## SEXTA.- LISTA DE AMDITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía aprobará a lista provisional das persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, así como as persoas exentas e non exentas da realización do exercicio acreditativo do coñecemento da lingua galega, que se fará pública no taboleiro de anuncios e na web municipal.

As persoas excluídas, así como as omitidas na relación de admitidas ou excluídas, disporán dun prazo de dous días hábiles, que comenza a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro e na páxina web municipal, para corrixir os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión da lista.

Finalizado o prazo de subsanación, publicarase a relación definitiva de admitidos e excluídos, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello. No caso de que non exista necesidade de subsanacións, a primeira lista será definitiva.

Nesta mesma resolución nomearase e emprazarase ao Tribunal e aos aspirantes admitidos para a valoración dos méritos sinalados na base oitava.

## SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará composto por un presidente, un secretario, e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como, nos casos non previstos polas mesmas.

A composición do tribunal cualificador darase a coñecer xunto coa relación definitiva de admitidos.

## OITAVA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

8.1. A selección efectuarase polo sistema de concurso. Puntuación máxima: 16 puntos.

Os méritos que se valorarán mediante esta fase de concurso e a súa correspondente puntuación serán os seguintes:

1.-Titulación académica superior á mínima requirida para presentarse á convocatoria. Puntuación máxima: 3 puntos.

Licenciatura en pedagogía ou psicopedagogía: 3 puntos.

Mestre especialista en educación infantil ou equivalente: 2 puntos

2.-Experiencia profesional. Puntuación máxima: 10 puntos.

- Servizos prestados no desempeño do posto de educador/a infantil ou equivalente na Administración pública: 0,25 puntos por mes traballado.

- Servizos prestados no desempeño do posto de educador/a infantil ou equivalente na empresa privada: 0,15 puntos por mes traballado.

A experiencia profesional deberá xustificarse mediante contratos de traballo, certificado de empresa ou certificados de servizos prestados avalados sempre polo informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social. O informe de vida laboral é obrigatorio. De non presentarse o dito informe non se valorará o apartado de experiencia profesional.

3. Formación. Puntuación máxima: 2 puntos.

Pola asistencia a cursos de formación relacionados co posto de traballo ao que se opta, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologadas por estas.

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos por curso.

- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos por curso.

- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos por curso.

A acreditación da formación realizarase mediante certificación da entidade que impartiu o curso ou mediante copia do documento oficial acreditativo da súa realización. Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

4. Outros. Puntuación máxima: 1 punto.

a) Por posuír o carne de conducir tipo B: 1 punto.

A acreditación destes outros méritos, mediante fotocopia do carne de conducir e mediante a certificación da entidade que impartiu o curso ou mediante copia do documento oficial acreditativo da súa realización.

8.2. No caso de empate de puntuación entre aspirantes, realizarase una entrevista persoal. As preguntas estarán relacionadas coas funcións propias do posto de traballo, coñecementos profesionais e/ ou preguntas de índole curricular, a fin de avaliar as aptitudes e actitudes dos/as aspirantes, así como



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

apreciar a adecuación entre os méritos dos/as aspirantes e o perfil do posto de traballo a ocupar.  
Puntuación máxima: 2 puntos.

## NOVENA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN, LISTA COMPLEMENTARIA DE RESERVA E BOLSA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓN.

### 9.1. Proposta de contratación

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal elevará á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor do/a aspirante que obtivera a puntuación máis alta. O Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas.

### 9.2. Lista complementaria de reserva para o caso de que o/a aspirante aprobado non chegue a formalizar o contrato.

O Tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles/as aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen propostos/as para a súa contratación por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o/a aspirante aprobado/a non chegue a formalizar o contrato de traballo por causa a el imputable, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

### 9.3. Bolsa de Emprego para futuras substitucións do/a aspirante aprobado/a ou renuncia tras a celebración do contrato.

Unha vez formalizado o contrato de traballo obxecto deste proceso selectivo polo/a aspirante aprobado/a (ou polo que corresponda, segundo o regulado na base núm. 9.2) por Resolución de Alcaldía aprobarase unha Bolsa de Emprego.

A Bolsa de Emprego será formada do mesmo xeito que a “Lista complementaria de reserva”, excluindo ao/á candidato/a que formalizou o contrato de traballo e no seu caso, aos anteriores que non o puideron formalizar por causas a eles imputables.

O obxecto desta Bolsa de Emprego é a de substituír ao/á aspirante que formalizou o contrato de traballo obxecto deste proceso selectivo nos supostos de permisos, situacións de IT ou análogos.

Do mesmo xeito, a Bolsa de Traballo será empregada para celebrar un novo contrato de traballo no caso de que o aspirante que formalizou o contrato renuncie ao mesmo unha vez formalizado.

Esta Bolsa de Emprego terá unha duración máxima de tres (3) anos a contar desde a data da Resolución que a constituía. Será publicada no Taboleiro de Editos do Concello.





# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

O funcionamento da Bolsa de Emprego será da seguinte forma: No caso de producirse a necesidade de acudir á Bolsa de Emprego, requirirase ás persoas incluídas na listaxe pola orde de puntuación, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore a este previa sinatura do correspondente contrato laboral.

No suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á sinatura do contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase aos seguintes na lista.

O requirimento pode ser notificado na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, ao enderezo postal sinalado na instancia dos aspirantes, e, estimalo necesario, en atención ao tempo transcorrido ou por calquera outro motivo xustificado, na devandita notificación incluírase a relación da documentación que deberá presentar de novo para os efectos de comprobar que se seguen a cumprir os requisitos de participación no proceso selectivo de acordo ao previsto nestas Bases.

Do mesmo xeito, o dito requirimento poderá ser realizado de forma telefónica, deixando dilixencia desta actuación un empregado público do Concello.

A utilización da Bolsa de Emprego queda, en todo caso, condicionada ao que resulte da aplicación das Bases de Execución do Orzamento, así como da lexislación estatal relativa á contratación de persoal interino ou laboral temporal.

## DÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

No prazo de tres días hábiles seguintes á data da publicación do resultado da selección, o/a aspirante seleccionado/a deberá xustificar que reúne os requisitos esixidos na Base 5ª desta convocatoria, presentando os documentos orixinais que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, e ademais deberá achegar:

a) Certificado médico de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

Así mesmo, deberán poñer en coñecemento do Concello o seu número de afiliación á Seguridade Social e un número de conta bancaria do que sexan titulares, para os efectos do pago da correspondente nómina.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ao seu nomeamento, quedando anuladas toda as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

## UNDÉCIMA.- RECURSOS

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios do concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa. Asemade poderá interpoñerse recurso



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

potestativo de reposición perante o Alcalde - Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo no BOP de conformidade co preceptuado nos artigos 123 e concordantes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.





# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

## ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

D./D.<sup>a</sup>....., con DNI ....., e domicilio aos efectos de notificación e comunicación en ..... teléfono ....., e correo electrónico .....

EXPÓN:

Que desexa participar no proceso selectivo convocado para cubrir a praza de educador/a infantil do PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA OS CAMIÑOS do Concello de Mesía.

EXPÓN:

1º.- Que, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

2º.- Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.

3º.- Que son certos todos os datos sinalados na presente solicitude.

4º.- Que achego a seguinte documentación:

- Copia do DNI.
- Copia da titulación que posúe.
- Certificado de carencia de delitos penais de natureza sexual.
- Copia do carné/título de manipulador de alimentos.
- Copia de certificado de curso en primeiros auxilios ou documentación acreditativa da superación en materia de primeiros auxilios.
- Copia do certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega.
- Xustificante vacinación da rubeola.
- Anexo II. Declaración.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos outros méritos alegados (sinalar cales):

o \_\_\_\_\_  
o \_\_\_\_\_  
o \_\_\_\_\_  
o \_\_\_\_\_  
o \_\_\_\_\_

Polo exposto,

SOLICITO: Que se teña por presentada esta solicitude e se admita para tomar parte no proceso selectivo convocado para cubrir a dita praza.

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 - Fax 981 687 069

## ANEXO II: DECLARACIÓN PARTICIPACIÓN PROCESO DE SELECCIÓN EDUCADOR/A INFANTIL

D./D<sup>a</sup>....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en ..... C.P. ...., teléfono .....

aos efectos de participar no proceso selectivo convocado para cubrir a praza de educador/a infantil do PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA OS CAMIÑOS do Concello de Mesía,

### DECLARA BAIXO XURAMENTO:

1. - Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
2. - Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
3. - Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

E para que así conste, asino a presente en .....a ..... de ..... de 2020

Asdo: